

INFORME SITUACIÓN SECTOR LÁCTEO (Agosto 2023)

1.- COMPARATIVA PRECIOS GALICIA, ESPAÑA, ALEMANIA E FRANCIA:

Temos que destacar sobre todo que respecto a Galicia, unicamente no que vai de ano temos un diferencial positivo respecto a Francia e Alemania, mentras que na serie histórica dende 2015 non temos un so ano con precios por encima de esos países e a maioría dos anos temos un diferencial negativo moi importante.

A industria di que non é competitiva polo moito que paga este ano ós produtores españois respecto ó que se paga en outros países, pero que pasou logo o resto de anos incluído o ano 2022, onde por exemplo de media cobrou máis de 9 cts máis un gandeiro alemán respecto a un galego, ou en 2021, onde un gandeiro francés cobrou case 5 céntimos e medio máis que un galego. Pode ser que a competitividade da industria de este país sexa solo a base de pagar menos ós gandeiros, incluso por debaixo do que costa producir un litro de leite pois do contrario non son competitivas. Deberíamos mirar as contas de resultados das principais industrias do noso país os últimos anos, con datos de beneficios históricos algunha delas e con incremento practicamente todas.

	ESPAÑA VS UE	GALICIA VS ESPAÑA	GALICIA VS UE	GALICIA VS ALEMANIA	GALICIA VS FRANCIA
2015	-0,20	-2,15	-2,35	-1,58	-2,96
2016	0,51	-1,75	-1,23	-0,01	-2,80
2017	-4,24	-1,24	-5,48	-6,70	-4,69
2018	-3,08	-1,10	-4,17	-4,57	-4,52
2019	-2,93	-1,19	-4,13	-3,69	-5,82
2020	-1,93	-0,88	-2,81	-2,41	-4,86
2021	-3,58	-0,94	-4,52	-4,89	-5,35
2022	-4,88	-1,22	-6,10	-9,09	-0,48
2023 (ata agosto)	3,58	-1,57	2,01	1,82	5,25
MEDIA 15/23	-1,86	-1,34	-3,20	-3,46	-2,92

DATOS EN CTS DE EURO

	Germany	France	Spain	GALICIA(corexida)	EU (without UK)
2015	29,58	30,96	30,15	27,99	30,34
2016	27,38	30,18	29,12	27,37	28,60
2017	36,41	34,40	30,96	29,71	35,19
2018	34,71	34,66	31,23	30,13	34,31
2019	34,35	36,47	31,85	30,65	34,78
2020	33,74	36,19	32,21	31,33	34,14
2021	37,21	37,67	33,26	32,32	36,84
2022	53,13	44,52	45,26	44,04	50,14
2023 (ata agosto)	50,80	47,38	54,19	52,62	50,61
MEDIA 15/23	37,48	36,94	35,36	34,02	37,22

2.- O PREZO DE GALICIA EN ESPAÑA:

Galicia segue a cola de España no prezo do leite. Os diferencias con algunhas comunidades limítrofes é moi importante o que pon en clara dúbida os argumentos da FENIL, pois máis do 50% do leite producido en España é a prezos baixos, polo que entendemos que o que temos que plantexar é a maneira de compensar este trato desigual cara Galicia e os seus produtores e poñer un prezo acorde ó resto de comunidades:

GALICIA VS ASTURIAS	-0,053
GALICIA VS CASTELA LEON	-0,05
GALICIA VS MEDIA ESPAÑA	-0,028

EVOLUCIÓN DE IMPORTE MEDIO DECLARADO POR COMUNIDAD AUTÓNOMA (€/litro) (medias ponderadas)								
CA Productor	2023							
	ENE	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO
Andalucía	0,612	0,611	0,603	0,558	0,554	0,548	0,547	0,534
Asturias (P. de)	0,612	0,614	0,612	0,607	0,577	0,573	0,569	0,543
Castilla y León	0,614	0,614	0,611	0,606	0,556	0,552	0,552	0,54
Cataluña	0,599	0,63	0,592	0,552	0,564	0,534	0,522	0,553
Galicia	0,588	0,589	0,585	0,533	0,522	0,517	0,513	0,49
España	0,599	0,603	0,595	0,56	0,543	0,534	0,53	0,518

Non olvidemos os prezos que establecen algunhas compañías a través das súas fórmulas de indexación que impoñen ós produtores. No caso de Central Leiteira Asturiana, que ten un pago de 70% a un prezo fixo e 30% segundo fórmula, o dato actual de prezo para este 30% é de 0,317 céntimos. No caso de outras indexacións como a de Lactalis que ten oferta do 25% do prezo do leite indexado ó prezo do leite enteira en po, o prezo de esa proporción sería de 0,329 céntimos.

3.- EVOLUCIÓN MERCADO INTERNACIONAL:

As industrias leiteiras españolas, constantemente fan referencia á evolución dos produtos industrias (leite en po e manteiga) e incluso referencian parte do seu prezo a estes produtos, a pesares de que estamos en un mercado deficitario (consumimos máis leite que producimos), polo que non temos excedentes e polo tanto nin o leite en po nin a manteiga son, moi de lonxe, o mercado principal de estas industrias. Sen embargo é bo por en contexto a situación actual de eses mercados.

En canto ós produtos industriais máis importantes: Leite en po e manteiga:

Destacar que a nivel mundial a referencia é a coñecida como subasta de Fonterra (Global Dairy Trade), onde temos que salientar os bos resultados na mesma durante o mes de setembro e tamén na última subasta realizada o 3 de outubro, cun incremento do índice dun 4,4% e con incrementos da manteiga do 1,3% e do leite en po do 4,8%. En esta subasta os incrementos do 19 de setembro foron do 4,6% e o 5 de setembro do 2,7% o que marca unha clara tendencia alcista nos prezos de estes produtos.

No que se refire ó leite spot, que é un referente da tendencia do mercado en un momento puntual, está en claro ascenso de prezo, co último dato publicado de 52,5 céntimos.

Destacar que o prezo actual dos produtos industrias teñen tendencia alcista e os prezos, non son os de 2022, que foron máximos históricos, pero tampouco prezos baixos, pois teñen un prezo superior á media do período 2015-2023 para todos os produtos.

	BUTTER	SMP	WMP	CHEDDAR	EDAM	GOUDA	EMMENTAL	WHEYPOWDER
24/09/2023	447	233	334	358	405	413	629	70
Media 2015-2023	435	221	305	325	333	336	484	82

Prezo en EUR/100kg

4.- EVOLUCIÓN PREZOS, PVP E CUSTOS:

Levamos no que vai de ano unha baixada de entre 10 e 12 céntimos.

	PVP leite líquido marca branca (€/l)	Prezo en orixe Galicia (€/l)
Agosto 2021	0,57	0,327
Decembro 2021	0,59	0,356
Xaneiro 2022	0,64	0,359
Marzo 2022	0,70	0,379
Abril 2022	0,74	0,409
Maio 2022	0,80	0,420
Xuño 2022	0,72	0,431
Xullo 2022	0,86	0,447
Agosto 2022	0,88	0,462
Setembro 2022	0,90	0,483
Outubro 2022	0,92	0,53
Novembro 2022	0,94	0,576
Xaneiro 2023	0,90	0,588
Febreiro 2023	0,90	0,589
Marzo 2023	0,90	0,585
Abril 2023	0,90	0,533
Maio 2023	0,90	0,522
Xuño 2023	0,90	0,517
Xullo 2023	0,90	0,513
Agosto 2023	0,87	0,49

O leite ó produtor baixa, pero o leite ó consumidor mantense, polo que ou industria ou distribución están quedando con esta marxe.

Agora estamos ante unha nova ameaza de baixada por parte das principais industrias de entorno a 3 cts, que pon ás explotacións leiteiras en unha difícil situación pois os custos de produción, aínda que baixaron, mantéñense altos.

No que se refire a alimentación animal, dende principios de ano a redución do prezo do penso de vacún leiteiro baixou un 18,8%, sen embargo o coste da ración completa para vacún de leite só se reduciu un 3,98%.


Outros custos como gasóleo, abonos, servizos de terceiros, reparación e mantemento ou a man de obra, seguen a ter un prezo moi superior a antes de 2022, con repuntes importantes como no caso do gasóleo os últimos meses.

MODELO DE ÍNDICE DE PREZOS DE LEITE APROBADO DENTRO DA INLAC:

As industrias poden utilizar, se queren realmente referenciarse a outros países modelos como estes, aprobados dentro da propia INLAC e que xa teñen un compoñente de referenciación ó prezo dos 5 estados membros que afecta ó mercado lácteo nacional: Portugal, Alemaña, Francia, Países Baixos e Dinamarca.

ÍNDICE VACA A3

Índice Base 2016=100	Ponderación
IRPI Fabricación de produtos lácteos	25
Prezo leite 5 Estados Membro	19
Prezo de pensos de vacas de leite	19
Prezo de materia graxa	19
Prezo de queixos	11
Prezo leite desnatado en pó	7



5.- DATOS DE IMPORTACIÓN: EVOLUCIÓN

Nos meses que levamos do 2023 observamos que a importación e a exportación do leite e produtos derivados foron lixeiramente inferiores para o período entre xaneiro-xuño 2023 respecto o mesmo período do 2022. Así a importación para este período foi un 4.6% inferior a do 2022, mentres a exportación diminuíu un 16.1% en 2023, respecto ó 2022

Xan 23 -Xuñ 23(Tn)			variación		Xan 22 -Xuñ 22(Tn)		
Produtos	Export	Import	Export	Import	Produtos	Export	Import
Leite	35.160	77.474	-19%	55%	Leite	43.551	50.030
Nata	151.863	114.283	-15%	28%	Nata	178.581	89.180
Leite fermentada	20.787	13.983	-4%	0%	Leite fermentada	21.599	14.043
Leite concentrada	35.049	15.757	10%	-8%	Leite concentrada	31.992	17.217
Leite en polvo	33.752	251.197	-16%	34%	Leite en polvo	40.389	187.067
Mantequilla	105.797	176.611	-34%	-14%	Mantequilla	160.329	204.878
Queixos	228.927	1.070.085	-9%	-14%	Queixos	252.031	1.240.801
Total	611.335	1.719.389	16,10%	4,60%	Total	728.471	1.803.216

Esto demostra a gran mentira das industrias respecto ó prezo dos produtores que lles resta competitividade, pois houbo máis importacións en 2022 cando non tiñamos o prezo por encima dos países grandes exportadores como Alemania, e cun prezo similar a Francia, que agora en 2023, que segundo datos do Ministerio, a pesares de ter un prezo superior a Francia ou Alemania, redúcense as importacións ó noso país.

6.- EVOLUCIÓN NÚMERO DE EXPLOTACIONES: ESPAÑA E GALICIA.

Evolución Nº de explotaciones España vs Galicia

	ESPAÑA	<u>GALICIA</u>	%Galicia/España	%reducción s/ano anterior GALICIA
2018	14.035	7.281	51,88%	
2019	13.192	6.906	52,35%	5,15%
2020	12.170	6.768	55,61%	2,00%
2021	11.782	6.572	55,78%	2,88%
2022	11.015	6.190	56,20%	5,81%
2023	10.236	5.792	56,60%	4,95%

No mesmo periodo de 2015 ata a actualidade desapareceron en España 8.552 explotacións leiteiras e seguen a desaparecer a unha media de máis de 700 explotacións cada ano. Na actualidade en España son so 10.236 explotacións das cales 5.792 son galegas. No que vai de ano desapareceron en España 353 explotacións e os datos xa amosan de novo unha caída na produción en un país deficitario.

Tamén salientar que o último dato de entregas publicado polo Ministerio mostra unha caída de produción dun 3%.